

REGISTRO DE ENTIDADES

Na **Plataforma de Innovación Sanitaria** poderán rexistrarse entidades, centros, empresas ou outros organismos implicados no ecosistema de innovación na saúde.

Para dar de alta a súa entidade por primeira vez, siga os pasos que se detallan a continuación:

PASO 1: Formulario de rexistro

Acceda ao [formulario de inscrición](#) e cubra os seguintes datos obrigatorios:

- **Datos de identificación:** Nome da entidade e breve descrición da súa actividade ou centro.
- **Información de contacto:** Correo electrónico da entidade, nome da persoa de contacto e dirección postal.
- **Teléfono:** Introduza o número sen espazos nin guións.
- **Capacidades:** Detalle as capacidades tecnolóxicas principais, secundarias e complementarias da entidade.

Seguridade da conta: Deberá crear un contrasinal que conteña, como mínimo, unha letra maiúscula, unha letra minúscula, un número e un símbolo.

PASO 2: Verificación do correo electrónico

Unha vez enviado o formulario, recibirá un correo electrónico de forma inmediata. Faga clic na ligazón incluída nese verso para **validar o seu usuario**.

PASO 3: Validación e acceso final

O equipo validador da plataforma revisará os datos aportados coa maior brevidade posible para comprobar que se cumpren os requisitos de acceso.

Recibirá unha **notificación automática** por correo electrónico en canto a súa solicitude sexa aprobada. A partir dese momento, a súa entidade estará **visible e activa** na plataforma.

PASO 4: Optimización do perfil

Tras a verificación da súa conta, poderá acceder á súa área privada dentro da plataforma para completar o perfil da entidade engadindo o **logotipo** e as ligazóns ás súas **redes sociais**.

Que utilidades ofrece o rexistro?

- **Visibilidade:** formar parte dun catálogo do sector de innovación sanitaria.
- **Networking:** conectar con outros axentes do ecosistema e marcar as túas **ideas innovadoras favoritas**, que se agruparán nun apartado da túa área privada.
- **Sinexias:** compartir capacidades tecnolóxicas e atopar socios (*partners*) para proxectos colaborativos.

REGISTRO DE USUARIOS/AS

Este portal web ten unha área privada diferenciada para usuarios persoais e para entidades. A través da primeira poderás facerlle chegar á plataforma as túas ideas innovadoras. Na de entidades poderás dar de alta centros, empresas e outros organismos implicados na innovación sanitaria.

Escolle o perfil axeitado para a acción que desexes realizar.

[USUARIO/A PERSOAL](#)[ENTIDADES](#)